

DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS MEDIOAMBIENTAIS

- 1. REDUCE, REUTILIZA e RECICLA** o máximo posible.
- 2. Consume a ENERXÍA necesaria SEN DILAPIDAR.**
- 3. NON utilices o AUTOMÓBIL** cando non sexa necesario. Utiliza o transporte público.
- 4. SEPARA** os RESIDUOS e depóitaos nos contedores adecuados.
- 5. OS RESIDUOS PERIGOSOS** deben ser depositados nos contedores adecuados.
- 6. Non imprimas** se non é necesario. Utiliza o correo electrónico.
- 7. Non utilices indiscriminadamente o DESAUGADOIRO** para desfacerte de desperdicios.
- 8. O RUÍDO** tamén é unha forma de contaminación. Intenta minimizalo.
- 9. Practica medidas de aforro de AUGA.**
- 10. NON utilices PRODUTOS AGRESIVOS** co medio ambiente.

**PARQUE TECNOLÓXICO
DE GALICIA, S.A.**

BOAS PRÁCTICAS MEDIO AMBIENTAIS



tecnópolis
parque tecnolóxico de galicia

XESTIÓN DOS RECURSOS

ILUMINACIÓN.

- ✚ Aproveitar ao máximo a luz natural.
- ✚ Limpar asiduamente os sistemas de iluminación para que o lixo non impida un rendemento óptimo.
- ✚ Almacenar os fluorescentes gastados nunha zona dispoñible para levar a reciclar.
- ✚ Estudiar a posibilidade de mellora no sistema eléctrico(fluorescentes máis eficientes, reguladores de intensidade de luz...) para reducir o consumo de electricidade.

EQUIPOS INFORMÁTICOS.

- ✚ Utilizar equipos informáticos enerxeticamente eficientes e configurar o modo de "aforro de enerxía".
- ✚ Apagar os equipos informáticos en períodos de inactividade superiores a unha hora.
- ✚ Configurar o salvapantallas no modo "pantalla en negro", porque se aforra enerxía. Aconséllase un tempo de 10 minutos para que entre en funcionamento este modo.
- ✚ Utilizar papel reciclado tanto para fotocopiar como para imprimir.
- ✚ Imprimir a dobre cara.
- ✚ Utilizar a vista previa antes de imprimir o documento.
- ✚ Usar cartuchos de tóners reutilizados e depositar os usados no contedor axeitado.

AIRE ACONDICIONADO E CALEFACCIÓN.

- ✚ Usar a climatización só cando sexa necesario.
- ✚ Limpar os filtros de saída de aire para que o rendemento do aparato acondicionador sexa o axeitado.
- ✚ Pechar os radiadores das salas que non se estean ocupando

AUGA.

- ✚ Controlar o consumo para coñecer posibles fugas da rede.
- ✚ Arranxar os goteos das billas e informar aos usuarios. Unha perda continuada pode desperdiciar ata 20 litros de auga ao día.
- ✚ Solicitar a realización de inspeccións da instalación de fontanería para detectar fugas.
- ✚ Tirar da cadea do inodoro só cando sexa necesario, (non o utilizar como cinseiro ou papeleira).
- ✚ Intentar regar a primeira hora da mañá ou ao atardecer diminúe un 30% a evaporación.
- ✚ Empregar plantas autóctonas que consumen pouca auga.
- ✚ Axustar correctamente os aspersores e concentrar o rego en zonas verdes.
- ✚ Deixar medrar o céspede alto, diminúe a evaporación da auga, sobre todo en épocas secas.

XESTIÓN DA CONTAMINACIÓN E DOS RESIDUOS

- ✚ Involucrar a todo o persoal na correcta xestión dos residuos e na separación selectiva dos residuos dende a orixe (p. ex. pilas).
- ✚ Aplicar o código de conduta das tres R,s: **reducir, reutilizar e reciclar.**
- ✚ Evitar o uso de elementos refugallo de plástico.
- ✚ Manter en bo estado os vehículos para minimizar as emisións atmosféricas de gases contaminantes debido a problemas de combustión.
- ✚ Non verter ao saneamento público os restos dos produtos químicos utilizados no almacén e limpeza.

- ✚ Realizar un mantemento preventivo dos cortacéspedes para evitar un exceso de consumo de carburante.

CONSUMO DOS PRODUTOS

- ✚ Atender o criterio ambiental no aprovisionamento, mediante a elección de materiais, produtos e provedores con certificación ambiental.
- ✚ Adquirir produtos que non teñan efectos negativos sobre o medio ambiente baixo consumo de enerxía, reducido nivel do ruído, etc.
- ✚ Priorizar elementos recargables como bolígrafos, pilas, cartuchos de tinta, depósitos de tóner para fotocopiadoras, etc.
- ✚ Coñecer os símbolos de perigosidade e toxicidade e os que identifican os produtos ecolóxicos.
- ✚ Adquirir produtos de longa duración e que non se convertan en residuos nocivos ao final da vida útil.
- ✚ Cumprir os requisitos de almacenamento de cada material, observando as recomendacións realizadas polo fabricante.
- ✚ Usar as impresoras segundo as especificacións do produtor para evitar o desgaste dos compoñentes.
- ✚ Reducir o consumo de papel para uso interno, utilizando papel usado por unha cara para borradores, sacando os orixinais ou fomentando o uso do correo electrónico para comunicacións internas.
- ✚ Elixir os produtos químicos de limpeza menos agresivos co medio ambiente (biodegradables, sen fosfatos, etc) e seguir as especificacións técnicas de dosificación.

